


BEATRIZ VAQUERO DÍAZ

Historia da escritura na Galicia medieval



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA



VAQUERO DÍAZ, B.: *Historia da escritura na Galicia medieval, Gallaeciae Monumenta Historica*, Consello da Cultura Galega, 2014.

[Accesible en: <http://gmh.consellodacultura.org/recursos/estudos/estudo/f/100/>
doi.org/10.17075/gmh.007

Historia da escritura na Galicia medieval

BEATRIZ VAQUERO DÍAZ

Historia da escritura na Galicia medieval



**CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**

Ofrecer unha panorámica da historia da escritura en Galicia durante a Idade Media obriga a traballar ámbitos moi amplos tanto dende o punto de vista cronolóxico como xeográfico. No cronolóxico, analízanse oito séculos, do VIII ao XV, e no espacial, un territorio que abrangue distintos espazos xeográficos e xurisdiccionais ao longo dos séculos, da *Gallaecia* altomedieval á Galicia do século XV, co conseguinte cambio na concepción, delimitación e organización do territorio.

Polo que respecta aos aspectos formais e evolutivos da escritura cos usos e funcións que esta cumpriu nos diversos ámbitos da sociedade medieval, a súa análise non se restrinxirá unicamente aos manuscritos e incunables producidos fisicamente en Galicia. Facelo suporía renunciar a boa parte da cultura escrita galega, tanto no que se refire aos libros e materiais alleos pero relevantes para a aprendizaxe e a práctica da lectura e da escritura, como á lírica galego-portuguesa, que chegou ata nós en códices producidos fóra de Galicia.

Nas páxinas que seguen describíranse sucintamente o patrimonio escrito galego, os ciclos de escrituras utilizadas en Galicia durante a Idade Media, os ámbitos e suxeitos da aprendizaxe da lectura e a escritura e, por último, os centros escriturarios e as xentes que practicaron a nobre arte de ler e escribir na Galicia Medieval¹.

Patrimonio literario, documental e epigráfico

As pezas que hoxe compoñen o patrimonio escrito galego son unha mínima parte do que, no seu día, produciron e utilizaron os habitantes de Galicia durante a Idade Media. Ao igual que no resto de Europa, as guerras, os desastres natu-

¹ Para unha reflexión sobre a existencia dunha comunidade lingüística galego-portuguesa durante os séculos XIII-XIV, véxase X. R. Pena 2002: 10-11; sobre a orixe, evolución e relacións do galego co latín e os romances do occidente peninsular, véxase H. Monteagudo 1994: 169-183 e H. Monteagudo 2007: 275-312.

rais ou inducidos, a substitución dos antigos manuscritos difíciles de ler por copias que utilizan tipos gráficos modernos, os cambios culturais e a censura relegaron ao esquecemento, ou á clandestinidade, unha parte da produción escrita galega (Petrucci 2002: 115-116). O conservado, tanto orixinais como copias de séculos posteriores, pasou a formar parte dos fondos custodiados en diversos arquivos, bibliotecas e museos públicos e privados.

Co fin de facilitar a súa análise dividírase o patrimonio escrito galego en literario, documental e epigráfico. Entre o literario inclúense, en primeiro lugar, os textos que utilizan a prosa como vehículo para a redacción, entre outras, de Biblias, obras de patrística, liturxia e haxiografía, ou crónicas e novelas. E, en segundo, os que, utilizando a linguaxe poética, forman parte da lírica galego-portuguesa que recreou os xéneros de amor, amigo e escarnio. O patrimonio documental engloba escritos moi variados de carácter lexislativo, gubernativo, xurídico, xurisdiccional, patrimonial e administrativo, plasmados sobre diversos soportes materiais, como o pergameo e o papel, e con distintos formatos — documentos soltos ou libros— elixidos en función do uso que se lles daba. Por último, o patrimonio epigráfico que durante o período medieval aparece vinculado a usos de tipo relixioso, entre os que destacan as lápidas fundacionais ou votivas de igrexas e mosteiros e as inscricións gravadas nas sepulturas.

Patrimonio literario: a prosa

A prosa medieval galega cultivou con especial interese o xénero historiográfico, vinculado durante os séculos alto e pleno medievais a Santiago coa *inventio* do sepulcro apostólico e a conformación da igrexa e da vila que xurdiron ao seu arredor, e na Baixa Idade Media coa consolidación dos reinos leonés e castelán.

Os froitos máis relevantes e coñecidos da primeira etapa do quefacer cronístico son o *Cronicón Iriense*, redactado no último terzo do século XI, e dúas obras realizadas na escola catedralicia compostelá, creada polo primeiro arcebispo de Santiago, Diego Xelmírez: a *Historia Compostelana*, crónica do seu pontificado (1112-1139) e o *Códice Calixtino*, guía de peregrinación a Santiago (1140-1150) e xerme da tradición haxiográfica que deu lugar ás traducións baixomedievais dos *Mirages de Santiago* e do *Flos Sanctorum* ou *Legenda Aurea* (García 1988: 71; Pena 2002: 319-325; Lorenzo 2004).

Dentro desa mesma tradición haxiográfica atopamos outro libro de milagres, dedicado á vida de Rosendo Gutiérrez, fundador de Celanova, escrito en dúas etapas, a primeira anterior a mediados do XII e a segunda debida a Ordoño de Celanova, entre 1172 e 1180 (Díaz 1990).

Tamén biográfica e de ámbito eclesiástico é a *Gesta Berengarii de Landoria*, anterior a 1322, que narra a sublevación dos composteláns contra o arcebispo Berenguel de Landoira e da que conservamos fragmentos dos séculos XIV e XV (*Hechos* 1983: 34-35 e 41-60).

Formando parte da mesma aventura que a *Crónica General de España* e a *General Estoria* de Afonso X, vanse desenvolver distintas versións galegas que afectan non unicamente a lingua en que están escritas, senón tamén a ordenación dos materiais que utilizan, cambiando o seu comezo ou suprimindo reinos para adaptalas aos designios de quen as mandou facer. Entre elas, as denominadas *Crónica de León*, *Crónica de Castela* e *Crónica de San Fernando* (1309), a *Crónica Geral de Espanha*, versión portuguesa de 1344, e a *Crónica Galega* de 1404, que relata as orixes do mundo, a historia dos pobos da Antigüidade e os acontecementos hispánicos dende a chegada dos godos (Monteagudo 1993: 53-70; Gutiérrez 2001: 48-49; Pena 2002: 331-333; Lorenzo 1975).

Por último, destacan tamén entre a prosa galega as traducións de textos xurídicos como as *Partidas*, o *Foro Real* ou o *Ordenamento de Alcalá* de 1348 e o *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia* de Vasco da Ponte, que, redactado entre 1530 e 1535, ofrece a única mostra de libros xenealóxicos ou nobiliarios galegos².

Poucos e maioritariamente fragmentarios son os restos da literatura novelesca que en Galicia utiliza como temas primordiais a guerra de Troia e o Ciclo Artúrico. De feito, só contamos coa versión completa da *Crónica Troiana* que foi mandada traducir e copiar na Coruña por Fernán Pérez de Andrade (Pena 2002: 295-316 e Lorenzo 1985).

Sorprenderá posiblemente que aparezan ao final desta epígrafe os textos en prosa relacionados coa vida eclesiástica, é dicir, os teolóxicos, canónicos e litúr-

² Vide Pena 2002: 335-339; Da ponte 1986: 53-54 e 65. Fronte ao sucedido en Galicia, en Portugal si se conservan os *Livros de Linhagens* (fins s. XIII-primeira metade s. XIV), vide Gutiérrez 2001: 47-48.

xicos, posto que calquera que coñeza as características básicas da sociedade medieval sabe que as institucións eclesiásticas foron as que con maior intensidade e continuidade utilizaron os libros como instrumento de aprendizaxe, reflexión e devoción na vida cotiá dos seus membros. Paradoxalmente ese uso intenso e o desgaste físico que supuña para os códices e libros, fixo que ata nós chegasen unha altísima porcentaxe dos textos que se consideraban antes e agora como básicos, pero unha exigua mostra dos códices medievais que os contiñan.

Por outra banda, boa parte dos textos máis utilizados neste tempo foron producidos lonxe de Galicia e chegaron ata as catedrais e mosteiros galegos en virtude de doazóns ou compras feitas polos seus responsables. Ese é o caso dalgúns dos códices miniados máis importantes conservados nas nosas bibliotecas, como o *Diurno*, que, encargado polos reis Fernando I e dona Sancha para o seu uso persoal, acabou sendo doado a algunha institución eclesiástica compostelá no ano 1055, as *Biblias* do Convento de San Domingos e da Universidade de Santiago, procedentes do París de fins do século XIII, e o *Pontifical* da Catedral de Tui, redactado na Italia do XIV (Sicart 1981: 22-24, 105-109, 144, 161 e 168).

Entre os que puideron ser realizados en talleres galegos contamos co *Breviario* compostelán, encargado por Fernando Bermúdez de Castro arredor de 1470 (Sicart 1981: 23), e cos incunables impresos en Monterrei na última década do século XV, é dicir, o *Misal Auriense* e o *Breviario Auriense* (Cabano 2004 e 1994).

Patrimonio literario: a lírica galego-portuguesa

Durante os séculos XIII-XIV a lírica trobadoresca e os ciclos literarios escritos en romance —a materia troiana, a novela artúrica e as crónicas do taller afonsino— percorren todo o ámbito cristián centro-occidental. Espazo onde conviven os distintos romances peninsulares sen que ata ben entrada a Idade Moderna aparezan ante quen os fala ou escoita como algo máis que variantes do latín vulgar (Pena 2002: 14-18 e 24-25).

A lírica trobadoresca chegou ata os nosos días recollida en manuscritos con dous formatos claramente diferenciados. O primeiro, o dos cancioneros, escolmas que, segundo algúns autores, proceden dun único códice medieval hoxe descoñecido e agrupan cantigas pertencentes aos tres xéneros líricos, é dicir, cantigas de amor, amigo e escarnio. O segundo formato é o das chamadas «follas voantes», que inclú-

en o texto e a música das cantigas dun autor e, por regra xeral, seleccionan un único xénero poético, actuando a modo de «partituras» para os xograres encargados da súa interpretación ante o público (Pena 2002: 108-109 e 114).

Conservamos un só cancionero confeccionado na Idade Media, o *Cancioneiro de Ajuda*, escrito nos últimos anos do século XIII ou primeiros do XIV, e tamén unha soa «folla voante» galega, o chamado Pergameo Vindel, que recolle sete cantigas de amigo de Martín Códax. A razón de tan escasa produción escrita reside, segundo Xosé Ramón Pena, no escaso interese dos mecenas nobiliarios por levar ao pergameo ou ao papel as cantigas, dada a concepción medieval da lírica como un «recreo de salón», polo que mentres a prosa romance «será cultivada como sinal de identidade e como marca laica fronte ao latín da Igrexa — e, polo tanto, existe unha preocupación por traducir, redactar e elaborar os ditos textos prosísticos—, a arte lírica conforma un apartado esencialmente lúdico, inmediato e que só co proceso trobadoresco moi avanzado, e mesmo en pleno refluxo, se verá trasladada, entre nós ao mundo da escrita» (Pena 2002: 87).

Capítulo á parte merecen as *Cantigas de Santa María*, obra de carácter relixioso elaborada polo taller de Afonso X na segunda metade do s. XIII e da que se conservan catro códices medievais.

Patrimonio documental

Segundo o *Inventario das fontes documentais da Galicia medieval*, obra colectiva que pretende realizar unha primeira aproximación á documentación medieval galega, o número total de documentos conservados é de 61 623, dos cales o 93,79% teñen unha procedencia eclesiástica e producíronse, fundamentalmente, nos escritorios das sés episcopais e dos mosteiros. A maior parte desa documentación foi redactada nos séculos XIII, XIV e, sobre todo, XV, cun total de 30 920 diplomas, que supoñen o 50% dos conservados (Barreiro 1988).

Polo que se refire á súa custodia, é compartida por arquivos galegos, entre os que destacan os catedralicios cun 46,82% do total, e outros de fóra do espazo galaico, co Histórico Nacional á cabeza, ao custodiar un 26,74% da documentación galega, por mor do labor realizado polas Comisións Provinciais de Monumentos creadas no ano 1844 para levar a cabo a desamortización de bens artísticos e culturais (Lucas 1991: 421-428).

Posto que a tipoloxía diplomática galega é moi ampla e non corresponde a este traballo facer unha descrición detallada, mencionáranse unicamente os tipos máis destacados, comezando pola documentación real, que serviu, xunto coa pontificia, de modelo para os escritorios señoriais, tanto eclesiásticos como laicos. Esta, formada na súa maior parte por documentos dirixidos a institucións eclesiásticas, concede ou confirma os privilexios que fundamentan a práctica dun poder obtido sempre por delegación rexia, e, en consonancia con esa función, fan ostentación dun formato solemne, utilizan o pergameo como soporte da escritura, incluso no momento en que xa fóra suplantado polo papel na maior parte dos usos chancelerescos, e neles cóidanse especialmente as formalidades, que lles dan forza legal e validez, entre as que cabe destacar os selos de cera ou chumbo pendurados na súa parte inferior.

Pero non son os únicos posto que, conforme medran e se perfeccionan os sistemas de goberno dos reinos peninsulares, aparecen diplomas máis sinxelos dirixidos aos oficiais encargados de dar cumprimento ás ordes do monarca, que presentan un aspecto menos coidado, un tamaño menor e son os pioneiros na adopción do papel como materia escriptoria.

Pasando á documentación pontificia, boa parte da conservada nos arquivos galegos ten un certo carácter xudicial posto que o papado constitúe a instancia de apelación suprema para os asuntos eclesiásticos e un referente xurídico vital para boa parte dos asuntos civís e criminais nos que se ven involucrados os relixiosos. Por iso, cando unha institución relixiosa ten problemas internos ou de relacións co exterior, apela á Santa Sé en busca de xustiza ou perdón, e a súa concesión adopta con frecuencia a forma de *litterae executoriae* ou mandatos, semellantes na intención ao tipo máis simple de documentos reais.

Tomando como modelo a produción documental das chancelarías rexia e pontificia, aparece a documentación señorial, moitísimo máis abundosa a dos señoríos eclesiásticos que a dos laicos, probablemente debido á maior capacidade de conservación documental que catedrais e mosteiros conseguiron grazas á amortización do seu patrimonio, o cal impediu perigosas dispersións e cambios de titularidade, tanto dos bens e dereitos, como dos documentos que os lexitaban. A maior parte do patrimonio documental medieval que nos legaron, escrito sobre pergameo e utilizando tipos cursivos, trata de asuntos concernentes á administración política e económica do señorío, ás actividades xurídico-

procesuais e, no caso das entidades relixiosas, aos asuntos eclesiásticos e ás actividades pastorais.

Intimamente conectada con esta documentación señorial aparece a documentación privada, moi escasa durante os séculos alto medievais, o seu número medra ao tempo que a existencia de notarios permite o acceso dos particulares á escritura para garantir os actos xurídicos que realizan. O notariado, como institución pública encargada da redacción e rexistro documental, non só deixa constancia das transaccións económicas, dos contratos agrarios —foros—, dos acordos entre particulares, dos testamentos e doazóns, das tomas de posesión de propiedades, etc., senón que dan fe pública delas, protexendo os intereses das partes. Asuntos rexistrados en diplomas que, dende un punto de vista morfolóxico, adoptan con moita frecuencia a forma de inventarios, memoriais e actas; estas últimas son as máis abondosas posto que serven de vehículo a un gran número de temas, entre os que destacan as condicións das persoas, a institución matrimonial ou as relacións económicas.


A descrición da documentación procesual aparece como derivada dun compendio de sistemas xurídicos que consagran formas procedementais complexas, moi prolongadas no tempo e realizadas ante moi diversas autoridades. Así, a documentación que dos procesos xudiciais se deriva ordénase xeralmente en función da súa procedencia —autoridades xudiciais, eclesiásticas e litigantes— e dos pasos seguidos nos preitos. En moitas ocasións chegou a nós en forma de sentenza executoria que describe detalladamente as distintas fases do proceso e preséntase, polo tanto, como un documento extenso, solicitado e pagado polas partes, de factura moi simple sobre papel e letra cursiva.

Rematada esta rápida relación dos tipos e funcións que conforman as principais familias diplomáticas, parece importante facer unha reflexión sobre os conxuntos documentais que adoptan a forma libraria, é dicir, os grandes cartularios ou tombos —como son chamados máis comunmente— que preservaron ao copialos boa parte dos diplomas altomedievais que conservamos, libros de actas que rexistran os acordos das corporacións capitulares ou concellís, libros de administración ou inventarios de bens, visitas pastorais e minutarios notariais ou libros de rexistro documental que gardan a matriz dos documentos expedidos por cada notario.

A función de rexistros ou libros de consulta para uso interno da institución que os produce acabará por facer evolucionar as súas características materiais,

dende as propias dos códices de luxo concibidos para seren mostrados, ata os humildes libros de administración ou rexistro que se gardan fóra da vista ata o momento en que son utilizados. Entre os primeiros, temos o caso paradigmático do *Tombo A* da Catedral de Santiago, no que se aplican os mesmos principios de confección e disposición textual que nos códices literarios, isto é, utilización do pergameo de calidade como soporte material da escritura, inserción de miniaturas que «retratan» aos reis que concederon os privilexios, trazado coidadoso dos tipos gráficos carolinos con tintas negras e vermellas para o texto, fermosas iniciais miniadas e disposición do texto a dúas columnas (Lucas 1998: 36-37; Díaz 1985: 27-41 e Sicart 1981: 45-47 e 98-100).

Entre os segundos, calquera dos minutaris notariais dos concellos ou igrexas de Galicia do século XV, que utilizan o papel como soporte material, a cor-




ACS: Tombo AAHUS, AM 1-11r

tesá ou unha gótica cursiva moi próxima a ela, como escritura e o texto a plena páxina con notas marxinais e encabezamentos que facilitan a localización duns documentos presentados na mesma orde cronolóxica en que foron expedidos³.

Inscricións

O declive do mundo urbano fai que, durante a maior parte do medievo, o número de inscricións sexa limitado e aparezan en contornos de tipo relixioso: nos muros exteriores e sobre as portas dos recintos eclesiásticos no caso das lápidas fundacionais ou votivas, e no interior de igrexas e mosteiros, o máis preto posible dos altares e dos corpos santos que neles se custodian, ou nos claustros, sobre as lápidas e letreiros sepulcrais⁴.



Inscrición no muro da igrexa de S. Martiño de Cornoces (Amoeiro)

³ Para unha primeira aproximación ao número e localización dos libros de rexistro, actas e administración en Galicia —algúns deles transcritos e editados nos últimos anos—, véxase Barreiro 1988: 25-27 e 37-39. Respecto ao nacemento dos rexistros en Europa, véxase Petrucci 2002: 15.

⁴ Sobre a evolución no uso de inscricións en Europa dende a Antigüidade ata o mundo moderno, *vide* Durliat 1995 e Petrucci 2002.

O que si se mantén ao longo de toda Idade Media é a elevada clase social de quen pode identificarse por medio dunha inscrición despois de morto; nobreza e oligarquía urbana son as únicas que teñen o suficiente poder económico como para sufragar os grandes sepulcros tallados cun «letereyro sobre la dita sepultura en que seja escripto meu nome», como indica no seu testamento o pontevedrés Xoán García de Samieira (Armas 1992: 213).

Analizando as inscricións que recolle e transcribe Manuel Chamoso Lamas na súa obra sobre escultura funeraria galega, vemos que fronte ao que sucede na maior parte de Europa, onde o latín é a lingua utilizada nas inscricións funerarias, en Galicia os letreiros sepulcrais baixomedievais foron escritos maioritariamente en galego⁵.




⁵ Para inscricións funerarias galegas véxase Chamoso 1979. Segundo Petrucci, durante os 1000 anos que van do 800 ao 1800 as inscricións foron redactadas en todas as partes case exclusivamente en latín (Petrucci 2002: 54).

Os ciclos escriturarios en Galicia

A evolución da escritura durante a Idade Media en Galicia estivo intimamente ligada á de Europa Occidental e, en especial, á dos territorios do centro e do oeste peninsular —Portugal, León e Castela—, de tal xeito que as diferenzas gráficas aparecerán sobre todo no período gótico e vinculadas á utilización do galego, que fixo necesaria a adaptación dos sistemas de abreviación que se viñan utilizando para escribir o latín.

Aínda que en pura teoría, a análise ou descrición da escritura medieval galega debería comezar pola chamada Nova Común Romana, escritura minúscula que dominou o panorama peninsular durante os séculos III ao VII d.C. e foi o vehículo primordial da produción literaria e documental dos Reinos Suevo e Visigodo, a práctica inexistencia de restos escritos dese período impide que se poida facer un seguimento da súa evolución no período de dominación sueva nin despois da conquista visigoda. En calquera caso, é evidente que se algunha vez houbo diferenzas evolutivas entre os distintos territorios que acabaron integrando o Reino Visigodo, estas desapareceron e darán lugar á unha unidade gráfica na que a partir do século VIII dominará a denominada escritura visigótica ou mozárabe.


A visigótica, que comezou a súa andaina como escritura de códices, acabará sendo utilizada en Galicia entre o século VIII e os primeiros anos do s. XIII en aproximadamente trescentos documentos e un número menor de códices, dos que na maior parte dos casos apenas chegaron ata hoxe algúns fragmentos ou noticias documentais (Díaz 1983). Segundo Lucas, ao longo deste período, a visigótica documental galega pasou dende o punto de vista morfolóxico por tres etapas: a primeira, caracterizada polas escrituras cursivas tradicionais trazadas por monxes e cregos pouco expertos; a segunda, iniciada na segunda metade do século X, na que se impón unha escritura semicursiva ligada a escritorios leoneses vinculados coa coroa; e a terceira, dominante durante o século XII, unha visigótica caligráfica que incorpora paulatinamente o sistema abreviativo e a estrutura das letras da escritura carolina, coa que convive durante toda esta centuria (Lucas 1991: 429-445).



Documento en visigótica

A carolina conforma o seguinte ciclo escriturario en Galicia. Creada para dotar o renacemento carolinxiño dun instrumento que lle permitise producir escritos de calidade, resulta familiar a calquera observador contemporáneo, posto que foi adoptada polos humanistas italianos, que, erroneamente, creron ver nela unha mostra elocuente da perfección e claridade do mundo romano (Eisenstein 1994: 119).

Formada xa a fins do século VIII, as súas vantaxes gráficas, que unen un fácil trazado e unha doada lectura, foron inmediatamente percibidas na Europa do seu tempo, o que permitiu a súa rápida difusión polo continente. Non obstante, no occidente peninsular haberá que agardar ao século XII para atopar a carolina plenamente implantada, de tal xeito que a súa hexemonía foi curta e, dende o punto de vista morfolóxico, anuncia algunhas das características fundamentais do ciclo gótico, razón pola que normalmente se denomina minúscula diplomática (Casado 2002: 140).


1160. Santiago de Compostela (ACO, *Privilegios* 1, 14)

A partir dos primeiros anos do século XIII a introdución de elementos gotizantes acelérase de xeito que a carolina foi rapidamente substituída pola escritura que nace da súa propia evolución, a gótica. Cun amplo percorrido histórico, o ciclo gótico verá a extensión do uso da escritura na sociedade baixomedieval e, consecuentemente, o aumento en progresión xeométrica dos escritos, tanto libraríos como documentais, e a aparición de variantes da escritura gótica vinculadas coas tipoloxías diplomáticas máis utilizadas. A gótica foi tamén a escritura utilizada para plasmar por vez primeira as linguas romances. O primeiro documento en galego, escrito en Galicia e datado con certeza que se coñece, pertence ao fondo do mosteiro de Santa María de Melón e foi expedido en 1231⁶.

Entre as variedades de escrituras góticas galegas, as caligráficas estiveron vinculadas á confección de códices literarios e eclesiásticos de luxo e á de docu-

⁶ Ampliando a pescuda ao territorio portugués, os dous primeiros escritos en galego-portugués son a *Noticia de Torto*, datado entre os anos 1212-1216, e o *Testamento* de Alfonso II de 1214, aínda que nos últimos anos os estudos de Ana María Martins atrasan as primeiras mostras en romance ao último terzo do século XII (Monteagudo 2007: 275-311). Polo que respecta ao primeiro escrito en galego en Galicia, non se toma en consideración un documento de Sobrado de Trives, datado arredor de 1225, no que «o elemento gráfico e morfolóxico latino ten un peso moito máis evidente ca o romance» (Boullón 2009: 89-90), nin o chamado *Foro do Bo Burgo de Castro Caldelas*, datado entre os anos 1228 e 1250 (Monteagudo [2005]).

mentos solemnes elaborados para perpetuar dereitos ou concesións, a maior parte delas feitas polos monarcas ás institucións eclesiásticas ou laicas, e de aí reciben o nome de letra de privilexios. Terán unha vida moi longa pero unha repercusión limitada dado que o seu trazado esixía demasiado tempo e esforzo para seren utilizadas con frecuencia en documentación non solemne ou no ámbito privado.




Gótica. 1262. (ACO, Xunqueira de Espadanedo, 896).

Respecto ás góticas documentais, dende mediados do século XII ata 1350 aproximadamente, domina o panorama paleográfico unha cursiva que abrangue o conxunto do territorio galego e evolucionará dende unha variante da minúscula diplomática, utilizada durante a segunda metade do s. XIII, ata as que Lucas define como «góticas de Galicia», que na primeira metade do s. XIV presentan unha variante caligráfica e outra cursiva moi semellante á de albañes. A partir da cuarta decena dese mesmo século, aparecen cada vez con maior frecuencia os trazos típicos das precortesás, que finalmente darán paso ás escrituras cortesás na centuria seguinte (Lucas 1991: 428-463). Durante todo este proceso, as escrituras galegas non presentan diferenzas salientables respecto ás utilizadas nos outros reinos do centro e oeste da Península, nin no alfabeto, nin no número de letras, nin nas liñas básicas do seu trazado, e unicamente gozan dun elemento

identificador: o sistema abreviativo, que, partindo do carolino, acaba adquirindo unha clara especificidade ao adecuarse ao galego .

Durante os anos finais da Idade Media, cortesás cada vez máis cursivas convértense nas escrituras máis utilizadas tanto nos documentos privados, como nos rexistros notariais e nos libros de administración dos escritorios eclesiásticos.

Con elas conviven a escritura procesual que, partindo dunha orixe común, evolucionou cara a formas extremadamente cursivas e, polo tanto, de trazado moi rápido e lectura dificultosa, e que xa dende o século XV se mostra como un dos instrumentos gráficos de penetración do castelán en Galicia ao ser a escritura utilizada pola Real Audiencia.



Cortesá (ACO: Libro de bens do Cabido)

⁷ Vide Vaquero 2002: 331-341. A gótica cursiva documental galega fora descrita, no ano 1950, por Manuel Lucas Álvarez como unha escritura claramente diferente daquela que polos mesmos anos (1250-1350) era utilizada no resto da Coroa castelá. Anos despois, o propio Lucas matizou as súas conclusións no seu estudo sobre a paleografía galega (Lucas 1950: 53-86 e Lucas 1991: 419-470).

A imprenta no século XV: os incunables galegos

Boa parte dos primeiros libros impresos en Galicia tiña como obxecto satisfacer as necesidades da liturxia nas igrexas diocesanas ou a lectura devocional e conservou unha tipoloxía próxima á dos códices de luxo, ao igual que sucedía no resto de Europa⁸.

Os impresores que chegaron a Galicia no século XV, laicos que se instalaban alí onde conseguían un encargo durante o tempo que precisaban para acabalo, asentáronse en Santiago, Mondoñedo e Monterrei. Os seus clientes máis importantes parecen ser os cabidos catedralicios, que garanten o monopolio da venda dos libros editados —misais, breviarios e salterios— nas igrexas da súa diocese, a cambio de que os impresores financiasen a edición (Carré 1991: 114-115 e 190; Cabano 1994: 18-20).

Consérvanse nas *Actas Capitulares* de Santiago os contratos realizados por Juan de Bobadilla e Álvaro de Castro co Cabido de Santiago en 1483 para editar 120 breviarios en papel e pergameo, o acordado entre o arcebispo Alonso II Fonseca e Juan Porras para editar un misal no ano 1494 e, por último, o asinado entre o Cabido de Santiago e Nicolás de Saxonia en 1497 para a edición dun breviario⁹.

Non obstante, os únicos incunables completos feitos en Galicia que chegaron ata nós son o *Misal Auriense*, confeccionado en 1494 na vila ourensá de Monterrei, e o *Breviario Auriense*, incunable composto entre 1485 e 1490 no mesmo lugar, segundo afirman Ignacio Cabano e José María Díaz á vista da súa tipografía¹⁰.

⁸ Vide Petrucci 2002: 21-23. De feito, entre algúns dos incunables galegos perdidos ou imaxinarios, cítase un *Flos sanctorum* (Cabano, 1994: XXXII).

⁹ ACS, *Actas Capitulares*, libro 2, anos 1481-1491, fol. 19 e 63, citados por Cabano 1994: 18.

¹⁰ Vide Cabano 1994: 24-25 e 40-41; Carré 1991: 111-112; Cabano 2004: 25. Ignacio Cabano fala tamén dun misal compostelán feito en 1495 en Monterrei por Passera e Porras (Cabano e Díaz Fernández 2004: xxxii). Hai, ademais, noticias dun sacramental e dun salterio de molde nas igrexas de Santa Cristina de Monte Longo e San Salvador de Sanguñedo respectivamente, vide ACO, *Tombo de Beneficios*, 30r-v e 228r. Carré Aldao cita tamén dúas follas impresas, o traslado dunha *Bula de indulxencias aos confrades do Santísimo Cristo da Catedral de Ourense* de 1487 e unha *Relación de Reliquias da Catedral de Santiago*, posiblemente posterior a 1496, que presentan tipos idénticos, aínda que máis pequenos que os do misal (Carré 1991: 191).

Nun panorama como o que acabamos de describir resulta certamente sorprendente que unha das primeiras imprentas galegas se instale na vila de Monterrei, baixo os auspicios do vizconde Francisco de Zúñiga, que acolle os impresores Passera e Porras e encarga os misais destinados á venda na diocese auriense. A creación dun centro de estudos en Monterrei e o proveito económico derivado da venda dos libros litúrxicos nas igrexas diocesanas son argumentos invocados para explicar o establecemento en Monterrei da «casa do moldeiro»¹¹.

A aprendizaxe da lectura e da escritura

Todo parece indicar que o ensino da lectura e da escritura en Galicia utiliza en esencia as mesmas técnicas e materiais que no resto da península e do occidente medieval (Gimeno 1995: 125-144 e Sánchez 2010: 59-81). De feito, a práctica común de escribir e repetir en alta voz o alfabeto co fin de recoñecer a forma das letras e o son asociado a cada unha delas foi un dos elementos fundamentais para a translación á escrita do galego e a súa percepción como unha lingua diferente do latín (Monteagudo 1994: 170).

Nun segundo momento, o salterio e pequenos cadernos coas oracións máis comúns —nos sínodos tudenses do s. XVI menciónanse as *tablas de mandamientos* (Vázquez 2002: 525)— eran os textos máis habitualmente utilizados como silabario básico cuxa copia, lectura e tamén canto, no caso do salterio, permitían avanzar no coñecemento da lingua escrita.

A última etapa da aprendizaxe incorporaba o dominio da caligrafía e da gramática, disciplinas que garantían a capacidade de ler entendendo os textos, dominar o trazado das diferentes escrituras e superar o estadio de simple copista ao adquirir a pericia necesaria para poñer por escrito con claridade o sucedido ou pensado.

Polo que respecta aos lugares e institucións que participaban máis intensamente no ensino e na produción escrituraria galega, é doado decatarse de que, ao igual que no resto do Occidente Medieval, son as institucións eclesiásticas as

¹¹ Carré 1991: 189 e Cabano 1994: 19-20. A «casa do moldeiro» cítase en ACO, *Minutario notarial de Xoán de Ramuín*, libro 8, ff. 125-130.

máis profundamente implicadas en todos os procesos relacionados co mundo da escritura e da lectura. Catedrais, mosteiros e parroquias son durante boa parte do período medieval os lugares onde se impartían as disciplinas fundamentais para a formación tanto dos eclesiásticos como dos laicos, que, cada vez en maior número, se incorporan ao mundo da cultura escrita.

Da importancia das sés episcopais na atención ao ensino do alto clero dá boa conta a *Schola Grammaticorum* de Santiago de Compostela, na que, a partir do século XI, mestres formados en París ou Boloña ensinaban, baixo a dirección do mestrescola, teoloxía, esexese, dereito, retórica e lóxica¹². Complemento fundamental da escola foi a biblioteca, iniciada en tempos de Xelmírez e ampliada con obras de gramática, filosofía e patrística, regras monásticas, textos parisienses e incluso escolásticos, por Bernardo II e Berenguel de Landoira nos séculos XIII e XIV respectivamente (García 1988: 73-74 e Costa 1995: 141).

Dende os primeiros anos do século XIII existen tamén, nas outras catedrais galegas, estudos xeralistas para a formación básica dos seus cregos diocesanos, como demostran as citas sobre os mestrescolas de Mondoñedo en 1227 e de Ourense en 1217, así como dun *Estudo de Gramática* en 1434¹³. Co fin de garantir a preparación básica que permitira logo o acceso no estranxeiro a estudos superiores, nas *Escolas de Gramática* das catedrais galegas a docencia era impartida baixo as ordes dun escolástico ou mestrescola que, dende 1474, por orde de Sixto IV e a petición das igrexas castelás, debía estar acompañado en cada cabido por un teólogo e un xurista (García 1976: 82-83).

París, Boloña e Portugal foron os destinos escollidos con maior frecuencia polo alto clero galaico para a continuación dos seus estudos fóra da Coroa de Castela¹⁴. Pero, sen dúbida, foi Salamanca o centro de fóra de Galicia que con máis alumnos

¹² A capacitación que este ensino proporcionaba resulta evidente se temos en conta que o cargo de notario real foi copado na chancelaría leonesa por cregos composteláns, ao tempo que, dende Alfonso vii, o arcebispo de Santiago era o titular desa chancelaría (García 1988: 70 e Costa 1995: 139-140).

¹³ Costa 1995: 166; Cal 1990: 463 e 477; López 1988: 530, 534-535.

¹⁴ Os estudos superiores eran normalmente completados fóra de Galicia e, de feito, xa en 1169 existe unha disposición capitular que facilita a ausencia dos cóengos por razón de estudo; París e Boloña perflanse como os destinos preferidos da clerecía compostelá (Costa 1995: 109 e 142). As relacións con Portugal eran tamén moi intensas e, en certo sentido, máis equitativas, posto que non só os cóengos galegos acudían con frecuencia a Coimbra e Braga senón que algúns portugueses levaban a cabo parte da súa aprendizaxe en Galicia (Costa 1995: 142-143, 166 e 168).

e profesores galegos contou durante os séculos XIV e XV, ata o punto de que García Oro afirma que o estudo salmantino foi concibido como «Estudo Xeral da Provincia Compostelana», marcando deste xeito o camiño da formación do alto clero compostelán en particular e do galego en xeral, que pasaría primeiro pola «Escola de Gramática» de Santiago e das outras catedrais galegas, para acabar no «Estudo Xeral» Salmantino. De feito, estes fortes lazos con Salamanca puideron influír na tardía aparición do «Estudio e Universidad de la çibdad de Santiago»¹⁵.

Polo que respecta á formación do clero parroquial, o feito de que os sínodos galaicos insistan continuamente sobre a necesidade de dominar o latín e a gramática para o acceso ás ordes maiores parece sinalar as dificultades que moitos atopaban para alcanzar o nivel de coñecementos esixido para a obtención dos beneficios eclesiásticos. Clara mostra das súas dificultades coa escritura é a dispensa que o arcebispo D. Xoán Arias lles fixo no concilio provincial de 1260 aos cregos de Galicia sobre a obriga de poñer por escrito as sentenzas de excomuñón alegando falta de pericia para escribilas e ordenalas (Vázquez 2002: 513-514 e 531).

As solucións adoptadas para emendar esa carencia non foron idénticas ao longo do tempo. Así, no arcebispado de Santiago de Compostela, pásase de fomentar o estudo dos eclesiásticos composteláns ordenándolles aos arcediagos que organicen na súa xurisdición a busca de cregos intelixentes, establezan para eles unha dotación económica e unha suplencia no ministerio que lles permita dedicarse ao estudo —tal e como se desprende dunha norma do sínodo diocesano de 1229—, a conformarse con que os candidatos a reitores dos beneficios eclesiásticos demostren unicamente que dominan a lectura e o canto, segundo establece o arcebispo Lope de Mendoza nunha norma do sínodo de 1435 (García 1988: 72-73 e Soto 1993: 305).

Xunto ás catedrais, os mosteiros ocupan un lugar de honra entre os centros de estudo da Galicia medieval. Dende o período altomedieval, destacan como educadores das súas propias comunidades, para converterse, co paso do tempo, en escolas que acollen e aprenden as primeiras letras a unha parte da poboación que, se

¹⁵ Vide García 1988: 76-77 e 1976: 82; López 1988: 530. Fracasado o proxecto de converter o «Colexio de estudantes pobres» de Santiago nun «Estudo Xeral do Reino de Galicia», haberá que agardar ao ano 1511 para que os documentos citen, con certa énfase e utopía segundo García Oro, o «Estudio e Universidad de la çibdad de Santiago» (García 1988: 81-83 e 1976: 83-84).

ben non podemos cuantificar pola escaseza de datos cos que contamos, aparece xa mencionada dende principios do s. XI. Algunhas das citas documentais que permiten demostrar o traballo como educadores de nenos do seu contorno que fixeron os mosteiros son as que contan como os nenos que estudan en San Pedro de Rocas provocan o incendio no ano 1007 ou a do mosteiro de Celanova que, no ano 1002, describe como testemuñas nunha audiencia presidida por Alfonso V, «turba puerorum degentibus in scola» (Duro 1972: 134 e Andrade 1995: 252).

Pero non foron unicamente os nenos dos arredores os acollidos nas entidades monásticas, senón que tamén temos noticias dunha escola para cregos instalada no mosteiro feminino de San Pedro de Ramirás. Non se sabe con certeza cal era a relación que a escola mantiña co mosteiro, mais tendo en conta a aparición dun tal *Petrus Garsie, scholaris* que subscribe como confirmante nun documento de 1262 e a abundancia de cregos que, pertencendo ao cabido do mosteiro, van facendo carreira sacerdotal nel, Lucas afirma que «sen dúbida algunha, en torno ao mosteiro de Ramirás constituíuse unha escola de formación de cregos seculares, que non só atenderían as necesidades daquel, senón que en contacto cos organismos diocesáns, suministraría cregos aptos para o desempeño dos ministerios pastorais nas parroquias da comarca» (Lucas 1988: 37).

No ámbito urbano é preciso subliñar o destacado papel que no mundo da cultura desempeñaron os mendicantes. Franciscanos en Compostela, Ourense e Ribadavia e dominicos en Santiago foron algúns dos máis destacados mestres e creadores de bibliotecas de Galicia, que converteron en espazos de lectura e préstamo de libros con funcións e prácticas moi semellantes ás actuais. E respecto á formación intelectual, os conventos de franciscanos e dominicos contan con profesionais dun alto nivel, entre os que se atopan os abundantes doutores, mestres en lóxica e teoloxía, licenciados e bachareis de Pontevedra, e os dous mestres en teoloxía dos franciscanos de Ourense no XV; así mesmo, os cursos de gramática impartidos nos conventos de Ribadavia e Compostela, os de lóxica en Lugo e Coruña e os de ciencias naturais en Pontevedra son bos indicadores do nivel intelectual dos mendicantes galegos¹⁶.

¹⁶ O papel protagonista das ordes mendicantes é salientado por Castillo 2004: 49; García 1988: 75 e López 1988: 528-529. Respecto á formación intelectual nas ordes mendicantes, *vide* Armas 1992: 226; García 1988: 75; López 1988: 530, 534 e 535.

Polo que respecta ao ensino destinado aos laicos, cabe destacar o papel que tamén neste apartado desempeñaron as escolas catedralicias. Lonxe de contar unicamente con alumnos relixiosos, acabaron fornecendo de homes cultivados aos distintos ámbitos da vida galega medieval. Un caso exemplar é o da escola compostelá que, a partir de 1170, se converteu nun *Studia Bonarum Artium* de grao elemental ou medio que recibía nenos da cidade e incluso da diocese¹⁷.

Fóra das institucións eclesiásticas, os nenos nobres non destinados á vida eclesiástica cursaban os seus estudos baixo as ordes de preceptores nas casas dos señores laicos ou eclesiásticos que tomaban aos fillos dos seus familiares e dependentes como pupilos. Durante a Alta Idade Media non hai noticias de actividades académicas e son poucas as referidas á «pupilaxe» na infancia dos nobres galegos, razón pola que se resalta sempre a *nutritio* de Gutier, fillo do conde Ordoño Velázquez, xunto ao bispo Hermenexildo de Santiago que aparece nun documento de Celanova de 982 (García 1988: 69-70).

No século XII téñense máis novas dese sistema de acollemento, destacando o que recibiron en Galicia os futuros reis Alfonso VII, ao cargo do conde de Traba Pedro Fróilaz, e Fernando II, educado tamén polo conde en Allariz (Costa 1995: 131, 132 e 143).

Non obstante, a descrición da aprendizaxe dos nenos nobres na casa do seu señor coa práctica de exercicio físico, xadrez, poesía e canto, efectuada durante as fases sucesivas de paxe e escudeiro, non parece ser a que mellor describe o proceso, senón que o máis común —segundo revelan as disposicións sinodais— debía ser enviar aos fillos de cabaleiros e fidalgos a partir dos cinco anos ás casas dos cregos ou capeláns do contorno, para despois completar a súa educación, de ser preciso, nas escolas episcopais ou, en casos excepcionais, nas cortes señoriais da alta aristocracia¹⁸.

Respecto a mercadores e artesáns, semella evidente a incipiente incorporación dos seus fillos ao estudo dalgunhas materias necesarias para o desenvolvemento

¹⁷ Vide Costa 1995: 140; García 1988: 71; López 1901: 99-101.

¹⁸ Para os nenos nobres vide Costa 1995: 101, Pallares 1993: 145 e Pena 2002: 77-78. Fóra do ámbito nobiliario, nos textos sinodais tudenses do s. XVI aparecen «escuelas dirigidas por ellos [sacristáns] en las parroquias con más de 20 vecinos y recomendable en todas las demás», nas que se utilizan as tablas de mandamentos para a aprendizaxe da lectura e escritura dos nenos (Vázquez 2002: 525).

mento do seu oficio, que probablemente foron impartidas, sobre todo alí onde non había unha escola catedralicia que acollese ao conxunto da poboación, pola lexión de capeláns de fundacións e confrarías urbanas que existían na Galicia baixomedieval¹⁹.

Produtores e usuarios de escritos

A escritura foi durante a Idade Media, igual que hoxe en día, un revelador privilexiado da desigualdade social, ao facer evidentes os «límites da distribución social da riqueza, da diferenza de sexos, idades, xeografías e culturas» e estar directamente vinculada aos centros de poder (Petrucci 2002: 27). Vinculación que resulta evidente ao comprobar que cada señorío, sexa do tipo que sexa, precisa ter polo menos unha oficina onde se redacten e expidan os tipos documentais que garanten o seu bo funcionamento, xunto a un arquivo ou *tesouro* onde se rexistren e custodien os documentos expedidos e os recibidos.

Na Baixa Idade Media xorden novas necesidades promovidas dende o mundo urbano que provocarán a aparición dunha gran cantidade de centros escriturarios, resultado da ampliación dos antigos ou da creación *ex novo*, ao tempo que aparecen institucións tan fundamentais para o desenvolvemento da escritura como o notariado.

A chancelaría leonesa e as cortes rexias de Castela-León e Portugal serán os principais modelos organizativos de referencia para os señores galegos, influencia natural tendo en conta a participación constante da nobreza galega en ambas as dúas institucións dende os tempos en que se estaban a formar. Na chancelaría, principal produtora de patrimonio documental, os cregos de Compostela actuaron con frecuencia en calidade de notarios dende os tempos de Xelmírez e Raimundo de Borgoña (Costa 1995: 138 e 140; Monteagudo 1993: 68). Pola súa parte, as cortes rexias peninsulares desempeñaron un papel primordial na creación da literatura en prosa e a lírica galego-portuguesa (Pena 2002: 84-85 e 207-219).

¹⁹ O caso de Pontevedra podería servir de exemplo pola gran cantidade de cregos destas características que vivían nas vilas galegas (Armas 1992: 225). Non existen tampouco indicios que nos permitan aventurar que como noutros lugares, por exemplo en Valencia, a aprendizaxe da lectura e escritura se producise na familia ou no grupo profesional (Mandingorra 2002: 234).

Nin que dicir ten que tanto as oficinas e casas dos representantes e oficiais dos monarcas no Reino de Galicia como a Real Audiencia foron centros escriturarios de primeira orde, na difusión das tipoloxías documentais, dos novos tipos escriturarios e, a partir do século XV, tamén do castelán fronte ao galego.

Deixando á parte o papel das monarquías peninsulares e, unha vez máis, a partir do labor realizado durante o pontificado de Xelmírez, Santiago revélase como o centro de produción escrita máis importante da Galicia medieval, coa redacción da *Historia Compostelana* e do *Códice Calixtino* e o inicio do traballo de copia do *Tombo A*, liderado que culmina coa reorganización do tesouro emprendida en tempos do arcebispo Berenguel de Landoira e que comportou a execución dos tomos *B* e *C* e o libro 2 de *Constitucións*²⁰.

A pesar de que as bibliotecas monásticas reciben primordialmente doazóns de libros feitos fóra dos seus escritorios, sabemos que existen en todos eles oficinas de redacción e expedición documental grazas á documentación e aos cartularios producidos nos propios mosteiros. Cómpre destacar, ademais, que tomos como o de Toxos Outos, escrito e iluminado con profusión, deixan entrever como as influencias de afastados escritorios peninsulares e europeos chegan aos claustros galegos (Sicart 1981: 124-125).

Fóra dos claustros, pero fortemente vinculada á clase nobre, a lírica medieval galego-portuguesa, posta por escrito nas cortes portuguesa e castelá-leonesa nun período serodio, achega interesantes informacións sobre a importancia da procedencia social dos que cultivan a poesía. Dado que a escritura estaba lonxe de ser patrimonio exclusivo da elite aristocrática, esta viuse «obrigada» a buscar termos que sinalasen convenientemente as diferenzas de clase que existían entre eles e os trobadores sen título (Pena 2002: 120).

A consecuencia desa vontade diferenciadora, hoxe os estudosos da lírica distinguen os trobadores-trobadores, nobres, con moita frecuencia segundoxénitos de familias aristocráticas ou simples escudeiros, dos trobadores-xogares, laicos ou cregos sen título, pero cunha extracción social ou unha crianza próxima ás

²⁰ Díaz 1985: 27-41. Para o estudo das miniaturas, véxase Sicart 1981: 45-47, 51 e 98-100. Para o arcebispado de Berenguel de Landoira, *Hechos* 1983: 24, 32-33.

cortes señoriais que lles permiten adquirir a educación necesaria para escribir e compor. Ambos os dous grupos de poetas escriben as cantigas e compoñen a música que as acompaña, labor que esixe, ademais de talento, unha gran pericia e un alto dominio das técnicas de escritura e da notación musical²¹.

Máis reveladora aínda resulta a caracterización dos xograres. Presentados coma simples intérpretes das cantigas, esquecese con frecuencia que ese oficio require saber ler tanto o texto coma a música, tal e como demostra a existencia de «follas voantes», especie de partituras entregadas polos autores aos xograres para que interpreten as súas creacións (Pena 2002: 114).



Folla voante: Pergameo Vindel

²¹ Contamos con compilacións de poemas de cregos como Airas Nunes, Martín Moxa ou Roi Fernández de Santiago (Sicart 1981: 120).

Entre os centros de produción escrita urbana destacan, sen dúbida, os compositores e iluminadores hebreos, asentados na Coruña logo da súa expulsión de Inglaterra e Francia, que forman, segundo Emilio González, a máis importante das escolas hebreas de Europa e que, ademais de producir obras no seu idioma, estenderon a súa actividade escrituraria ás obras en romance, compoñendo as versións galegas da *Grande e Xeral Estoria* de Alfonso X e da *Crónica Troiana*, por encargo de Nuno Freire e Fernán Pérez de Andrade (González 1992: 234-235 e 267-269).

A crecente democratización do saber e dos usos do escrito ten nos mercados o grupo que mellor exemplifica o dinamismo das cidades galegas. É posible que moitos dos comerciantes galegos pertencentes á oligarquía urbana saiban ler e escribir da mesma forma que a alta burguesía europea redacta cartas, rexistros, libros de contas e de familia, manuais técnicos xunto con libros de devoción e lectura copiados en moitas ocasións polos mesmos usuarios (Petrucci 2002: 15). No entanto, nas referencias documentais coas que contamos aparecen mercados ourensáns que unicamente escriben e conservan libros de contabilidade propios, sen ningunha outra información que permita estender a súa actividade a campos de uso da escritura distintos do rexistro contable²².

Outro indicio de figuras pertencentes ás clases traballadoras ou próximas a elas que saben ler, polo menos nun nivel rudimentario, é o dos pregoeiros ou *andadores* que vocean os acordos dos concellos e as ordenanzas e mandatos das autoridades, o que permite que os veciños, maioritariamente analfabetos, poidan cumprilas²³.

Do uso habitual da escritura nas vilas e entre as mulleres que vivían nelas, fálanos a existencia dunha *carteira* —segundo García Oro, muller que vende pergameo, papel e todo o preciso para escribir— ou a capacidade demostrada por algunha dama de Compostela para subscribir un documento co seu nome (Pallares 1993: 147).

²² Así, no testamento do rexedor García Díaz de Espinosa, redactado no ano 1439, consta que o que outros lle debían estaba «escrito em meus livros ou ennas espaldas deles»; e, aínda máis, no ano 1459 aparece no inventario dos bens do xastre Afonso Eanes unha «ucha en que seen as cartas», que se gardaba na tenda do baixo da súa casa, e Arnao de Frisa, procedente de Santiago, gardaba os albalás coas contas no seu armario (López 1988: 233-234).

²³ Aparecen nomeados pregoeiros durante o século XV con frecuencia en Pontevedra, Santiago e Ourense, entre outras (Armas 1992: 287; Rodríguez 1992: 123 e 163; Vaquero 2004, 314 e 529).

Pero, igual que entre os varóns, a entrada na relixión permítelles ás mulleres adquirir máis coñecementos e unha maior destreza como lectoras e escritoras, de forma que monxas clarisas que algúns documentos denominan letradas poden e deben rezar polo salterio ou *por letera*, e as súas abadesas e procuradoras tiñan a suficiente formación cultural como para facer fronte ao traballo que os seus cargos levaban implícito (Rodríguez 1993: 159-160).

Tamén entre as clarisas vive unha monxa que, en pleno século XIII, posuía un salterio, noticia sorprendente se temos en conta que en xeral os libros dos mosteiros femininos eran usados con maior frecuencia polos capeláns que polas propias monxas (Rodríguez 1993: 158).

A diversificación das tipoloxías librarías e do público que as utiliza na Idade Media aparece exemplarmente ilustrada nos libros que posuían dúas mulleres pertencentes á nobreza medieval galega. A simple posesión dun salterio e un *Goticum* (códice que recolle as leis visigodas) fai que a condesa Ilduara exemplifique a máis alta formación cultural feminina do século X galaico (Pallares 1998: 120-121). Moitos anos despois, no ocaso da Idade Media, Ana de Toledo, condesa de Altamira, describe no seu testamento os libros que lle pertencían, entre os que aparecen, ademais dos imprescindibles libros de tema relixioso, outros de cociña, medicina e poesía, revelando os cambios que na lectura está provocando un público de «lectores “populares” integrado polos novos alfabetizados semi-cultos», entre os que se sitúan primordialmente os comerciantes enriquecidos das urbes europeas (Pallares 1993: 146-147 e Castillo 2004: 51-53).

Capítulo á parte nesta breve historia da escritura en Galicia merecen os notarios. A súa aparición durante o último terzo do século XII nas cidades de Galicia impulsou un cambio tanto cuantitativo coma cualitativo na produción de textos escritos en Galicia²⁴. De feito, o notariado é a institución que produce a maior cantidade de textos en Galicia durante a Idade Media ao redactar, expedir, rexistrar e conservar os documentos que outorgan fe pública aos actos xurídicos de dereito privado, actuar como receptores de probanzas nos procesos xudiciais e levantar actas das audiencias e asembleas públicas nas que se solicita

²⁴ En Santiago no ano 1170 tanto o concello como o cabido teñen os seus propios notarios, mentres en Lugo a primeira mención data de 1177 (López 2007: 62).

a súa presenza, actuando sempre por *mandado* dos señores laicos e eclesiásticos que os nomean.

Son notarios públicos xurados por *El-rei*, polos señores, polos concellos, pero tamén notarios apostólicos dependentes da autoridade pontificia, *escusadores* ou notarios substitutos que actúan por delegación dos titulares e simples oficiais de escribanía. A nómina dos encargados da documentación privada e da fe pública é tan ampla e variada como o patrimonio cultural que nos legaron.

BIBLIOGRAFÍA

- ANDRADE CERNADAS, J. M.: *O Tombo de Celanova*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1995.
- ARMAS CASTRO, J.: *Pontevedra en los siglos XII a XV*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrie de la Maza - Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, 1992.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (coord.): *Inventario das fontes documentais da Galicia medieval*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1988.
- BARROCA, M. J.: *Epigrafía medieval portuguesa (862-1422)*, Porto, Fundação Calouste Gulbenkian - Fundação para a Ciência e a Tecnologia, 2000.
- BOULLÓN AGRELO, A. I. e H. MONTEAGUDO: *De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2009.
- BOULLÓN AGRELO, A. I. (ed.): *Na nosa lyngoage galega*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega - Instituto da Lingua Galega, 2007.
- CABANO VÁZQUEZ, I. e J. M.^a DÍAZ FERNÁNDEZ: *Breviario Auriense. O incunabile de 1485-1490*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2004.
- *Missale Auriense 1494*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1994.
- CAL PARDO, E.: *Catálogo de los documentos medievales, escritos en pergamino, del Archivo de la Catedral de Mondoñedo (871-1492)*, Lugo, Deputación Provincial, 1990.
- CAMPOS SOUTO, M.^a B. e M. CAMPOS SOUTO: *Prosa histórica, relixiosa e xurídica medieval*, Vigo, AS-PG, 1996.

- CARRÉ ALDAO, U.: «Impresores de Galicia», *BRAG*, IX (1915-1916), pp. 55-58 e «Memoria de la imprenta y el periodismo en la provincia de Orense», *BRAG*, XVII (1927-1928), pp. 275-282 e 289-298 en *A imprenta e a prensa en Galicia*, A Coruña, Xunta de Galicia, 1991.
- CASTILLO GÓMEZ, A.: *Historia mínima del libro y la lectura*, Madrid, Siete Mares, 2004.
- (coord.): *Historia de la cultura escrita. Del Próximo Oriente Antiguo a la sociedad informatizada*, Xixón, Trea, 2002.
- CASTRO, I.: *Introdução à História do Português. Geografia da Língua. Português Antigo*, Lisboa, Colibrí, 2005.
- COSTA RICO, A.: *Historia do ensino no Reino de Galiza (anos 414-1483)*, Santiago de Compostela, Tórculo Edicións, 1995.
- CHAMOSO LAMAS, M.: *Escultura funeraria en Galicia*, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo - Deputación Provincial de Ourense, 1979.
- DÍAZ Y DÍAZ, M. C.: *Códices visigóticos en la monarquía leonesa*, León, Centro de Estudios e Investigación San Isidoro, 1983.
- *Visiones del Más Allá en Galicia durante la Alta Edad Media*, Santiago de Compostela, Bibliófilos Gallegos, 1985.
- PARDO GÓMEZ, M.^a V. e D. VILARIÑO PINTOS: *Ordoño de Celanova: Vida y milagros de San Rosendo*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1990.
- DÍAZ Y DÍAZ, M. C. et al.: *Hechos de don Berenguel de Landoria, arzobispo de Santiago. Introducción, edición crítica y traducción*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1983.
- DURLIAT, J.: «Épigraphie et société», en G. CAVALLO e C. MANGO (eds.), *Epi-grafia medievale greca e latina. Ideologia e funzione*, Spoleto, Centro Italiano di Studi sull'Alto Medioevo, 1995, pp. 169-196.
- DURO PEÑA, E.: *El Monasterio de San Pedro de Rocas y su colección documental*, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo, 1972.
- EISENSTEIN, E.: *La revolución de la imprenta en la Edad Moderna europea*, Madrid, Akal, 1994.
- GARCÍA ORO, J.: «Compostela, academia de Galicia medieval», en *Estudios sobre los orígenes de las universidades españolas*, Valladolid, Universidade de Valladolid, 1988, pp. 69-84.

- *Diego de Muros III y la cultura gallega del siglo XV*, Vigo, Galaxia, 1976.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, E.: *Historia de la ciudad de La Coruña: la Edad Antigua y la Media*, A Coruña, Deputación Provincial, 1992.
- GUTIÉRREZ GARCÍA, S. e P. LORENZO GRADÍN: *A literatura artúrica en Galicia e Portugal na Idade Media*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2001.
- GIMENO BLAY, F. M.: «Aprender a escribir en la Península Ibérica: de la Edad Media al Renacimiento», en A. PETRUCCI e F. M. GIMENO BLAY (eds.), *Escribir y leer en Occidente*, Valencia, Universitat de València, 1993, pp. 125-144.
- LÓPEZ ALSINA, F.: «Galicia en los siglos XII-XIII: notariado, documento y cultura literaria», en A. I. BOULLÓN AGRELO (ed.), *Na nosa lyngoage galega*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega - Instituto da Lingua Galega, 2007, pp. 53-67.
- LÓPEZ CARREIRA, A.: *A cidade de Ourense no século XV. Sociedade urbana na Galicia baixomedieval*, Ourense, Deputación Provincial, 1998.
- LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago*, Santiago, Imprenta Seminario Conciliar, 1901, t. IV, ap. 106.
- LORENZO, R.: *Mirages de Santiago*, Valencia, Scriptorium, 2004.
- *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo, 1975.
- *Crónica Troiana: introducción e texto*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1985.
- LUCAS ÁLVAREZ, M.: *San Pedro de Ramirás, un monasterio femenino en la edad media: colección diplomática*, Santiago de Compostela, Caixa Galicia, 1988.
- «Paleografía gallega. Estado de la cuestión», *Anuarios de Estudios Medievales*, 21 (1991), pp. 419-470.
- *Tumbo A de la Catedral de Santiago*, Santiago de Compostela, Cabido da S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela - Seminario de Estudos Galegos, 1998.
- «Características paleográficas de la escritura gótica gallega. Escritorios notariales compostelanos», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, v (1950), pp. 53-86.
- MANDINGORRA LLAVATA, M.^a L.: «La configuración de la identidad privada: diarios y libros de memorias en la Baja Edad Media», *Historia, Instituciones, Documentos*, 29 (2002), pp. 217-235.

- MARIÑO PAZ, R.: *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1999.
- MONTEAGUDO ROMERO, H.: «Aspectos sociolingüísticos de uso escrito do galego, o castelán e o latín na Galicia tardomedieval (ss. XIII-XV)», en E. FIDALGO e P. LORENZO GRANDÍN (coords.), *Estudios galegos en homenaxe ó Prof. Giuseppe Tavani*, Santiago, 1994, pp. 169-183.
- «A emerxencia do galego-portugués na escrita instrumental. Unha panorámica histórica», en A. I. BOULLÓN AGRELO (ed.), *Na nosa lyngoage galega*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega - Instituto da Lingua Galega, 2007, pp. 275-312.
- «Nas orixes da escrita en galego», en *O foro do Bo Burgo de Castro Caldelas, dado por Afonso IX en 1228*, [PDF en liña] Consello da Cultura Galega. http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/doc_en_galego.pdf, [Consulta 28/03/2012].
- «*A Crónica galega dos Reinos de León e Castela* na historia e na historiografía galegas», en *VII Xornadas de Historia de Galicia. Novas fontes. Renovadas historias*, Ourense, Deputación Provincial, 1993, pp. 51-71.
- MORALEJO, S.: «El mapa de la diáspora apostólica en San Pedro de Rocas: notas para su interpretación y filiación en la tradición cartográfica de los Beatos», *Compostellanum*, xxxi: 3-4 (1986), pp. 315-340.
- *As orixes da imprenta en Galicia*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1991.
- PALLARES MÉNDEZ, M.^a C.: *A vida da mulleres na Galicia medieval 1100-1500*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1993.
- *Ilduara, una aristócrata del siglo x*, Sada (A Coruña), Seminario de Estudos Galegos - Edicións do Castro, 1998.
- PENA, X. R.: *Historia da literatura medieval galego-portuguesa*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2002.
- PETRUCCI, A.: *La ciencia de la escritura. Primera lección de Paleografía*, México, Fondo de Cultura Económica, 2002.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Á.: *Libro do concello de Santiago (1416-1422)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1992.
- e I. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO: *Livro do Concello de Pontevedra (1431-1463)*, Pontevedra, Museo Provincial de Pontevedra, 1989.

- RODRÍGUEZ NÚÑEZ, C. C.: *El papel de la mujer en la sociedad medieval*, Lugo, Deputación Provincial, 1993.
- ROMANÍ MARTÍNEZ, M.: *El Monasterio de Santa María de Oseira (Ourense). Estudio Histórico (1137-1310)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1989.
- ROSA PEREIRA, I. da: «A vida do clero e o ensino da doutrina cristiá através dos sínodos medievais portugueses», *Lusitania Sacra*, 10 (1978), pp. 36-75.
- SÁNCHEZ PRIETO, A. B.: «Aprender a leer y escribir antes del año mil», *Estudios sobre Educación*, 18 (2010), pp. 59-81.
- SICART, Á.: *Pintura medieval: la miniatura*, Santiago de Compostela, Arte Galega Sánchez Cantón, 1981.
- SOTO RÁBANOS, J. M.: «Disposiciones sobre la cultura del clero parroquial en la literatura destinada a la cura de almas (siglos XIII-XV)», *Anuario de Estudios Medievales*, 23 (1993), pp. 257-356.
- TEYSSIER, P.: *História da Língua Portuguesa*, Lisboa, Livraria Sá da Costa Editora, 1997.
- VAQUERO DÍAZ, M.^a: *Colección Diplomática do Mosteiro de Celanova (séculos XIII ao XV)*, A Coruña, Tórculo, 2004.
- «Características gráficas da gótica cursiva documental do mosteiro de Celanova na Baixa Idade Media», en *Homenaje a José García Oro*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2002, pp. 331-341.
- VÁZQUEZ BERTOMEU, M.: *Notarios, notarías y documentos en Santiago y su Tierra en el siglo XV*, Santiago de Compostela, Seminario de Estudios Gallegos, 2001.
- «Clérigos y escritura en los sínodos gallegos anteriores a Trento», *Historia, Instituciones, Documentos*, 29 (2002), pp. 503-538.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M. et al.: *Historia del arte gallego*, Madrid, Alhambra, 1982.



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA